

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR Ayala  
CURSO: 4º ESO  
MATERIA: Ed. Física  
DEPARTAMENTO: Ed. Física  
DATA: 12-05-2020

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

A situación escolar á que nos derivaron as causas excepcionais da pandemia do COVID19, fai oportuna a adaptación da programación do curso, os criterios de avaliación e cualificación, así como a metodoloxía a seguir no 3º trimestre

O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 á categoría de pandemia internacional.

Mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE número 67, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e, a súa aplicación, de conformidade co previsto na lexislación, significou, entre outras moitas medidas, o confinamento da poboación e a suspensión das clases presenciais en todas as etapas do sistema educativo de España.

Atendendo ao establecido nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, recollo neste informe unha adaptación dos puntos fundamentais da miña programación didáctica, atendendo ás directrices recollidas nas anteditas instrucións: "centrar as actividades lectivas do derradeiro trimestre nas aprendizaxes e competencias imprescindibles que deberían desenvolver os alumnos e as alumnas" (...) "Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do seu alumnado" (...) "A ampliación das aprendizaxes tomará como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiran a mínima intervención docente".

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. Diseñar e realizar as fases de activación e recuperación na práctica de actividade física considerando a intensidade dos esforzos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.1.2. Selecciona os exercicios ou as tarefas de activación e de volta á calma dunha sesión, atendendo á intensidade ou á dificultade das tarefas da parte principal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.2. Colaborar na planificación e na organización de eventos, campionatos ou torneos deportivos, prevendo os medios e as actuacións necesarias para a súa celebración e relacionando as súas funcións coas do resto de implicados/as.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.2.1. Asume as funcións encomendadas na organización de actividades grupais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.4. Asumir a responsabilidade da propia seguridade na práctica de actividade física, tendo en conta os factores inherentes á actividade e prevendo as consecuencias que poidan ter as actuacións pouco coidadasas sobre a seguridade das persoas participantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.4.1. Verifica as condicións de práctica segura usando convenientemente o equipamento persoal, e os materiais e os espazos de práctica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.4.3. Describe os protocolos que deben seguirse ante as lesións, os accidentes ou as situacións de emerxencia máis frecuentes producidas durante a práctica de actividades físico-deportivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Compor e presentar montaxes individuais ou colectivas, seleccionando e axustando os elementos da motricidade expresiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB2.1.2. Axusta as súas accións á intencionalidade das montaxes artístico-expresivas, combinando os compoñentes espaciais, temporais e, de ser o caso, de interacción coas demais persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2. Mellorar ou manter os factores da condición física, practicando actividades físico-deportivas adecuadas ao seu nivel e identificando as adaptacións orgánicas e a súa relación coa saúde.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB3.2.2. Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB3.2.3. Aplica os procedementos para integrar nos programas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Resolver situacións motrices aplicando fundamentos técnicos nas actividades físico-deportivas propostas, con eficacia e precisión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB4.1.1. Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. Resolver situacións motrices de oposición, colaboración ou colaboración-oposición nas actividades físico deportivas propostas, tomando a decisión máis eficaz en función dos obxectivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB4.2.1. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB4.2.3. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración-oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.3. Recoñecer o impacto ambiental, económico e social das actividades físicas e deportivas, reflexionando sobre a súa repercusión na forma de vida no contorno.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB4.3.1. Compara os efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CMCCT</li> </ul>

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>As instrucións, recollen o seguinte sobre a avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ "A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas".</li> <li>▪ " Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado".</li> <li>▪ A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo en todas as etapas, ciclos e ensinanzas, para valorar os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso. En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado.</li> </ul> <p>Os <b>criterios de avaliación</b> e os <b>estándares de aprendizaxe avaliáveis</b>, seguirán sendo, por tanto, os recollidos no Decreto Curricular e nas programación didácticas elaboradas por cada docente para o seu curso. Así, a adaptación da avaliación para responder á situación na que nos atopamos, referirase ao <b>proceso de desenvolvemento da avaliación continua</b> e aos criterios <b>de cualificación</b>, que quedara do seguinte modo.</p>

<p><b>Cualificación final</b></p>	<p>Para a cualificación final dos alumnos e alumnas teranse en conta:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- As observación feitas polo profesor ata o mes de marzo nas aulas.</li> <li>- Cualificacións obtidas ata as datas anteriormente sinaladas.</li> <li>- O traballo realizado polo alumnado desde a súa casa. Os alumno-as deberán facer 3 traballos o longo do 3º trimestre, co fin de afondar nos contidos impartidos na clase durante o 1º e o 2º trimestre. Estes traballos deben enviarse ao correo electrónico do profesor (obrigatoriamente) dentro das datas establecidas. Este traballo non repercutirá nunca de maneira negativa.</li> <li>- Ao ser unha materia de avaliación continua, aqueles que non foran capaces de superar a 2ª avaliación terán a oportunidade de facelo agora seguindo a mesma rutina de traballo que os demais. As tarefas son esencialmente un repaso de todos os contidos xa vistos nas aulas para facilitar o comprensión de todos.</li> </ul>
<p><b>Proba extraordinaria de setembro</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- No suposto de ter que presentar unha proba extraordinaria no mes de setembro, os alumnos enfrontaríanse a unha proba tipo test dos contidos impartidos durante a 1º e a 2º avaliación.</li> <li>- Os estándares de aprendizaxe e as competencias imprescindibles serían os mesmos que os establecidos neste documento.</li> <li>- No caso de ter que presentar esta proba, xa non se terían en conta as observacións previas nin o traballo realizado durante os meses de confinamento.</li> </ul>
<p><b>Alumnado de materia pendente</b></p>	<p>Criterios de cualificación: para a cualificación dos alumnos-as terase en conta:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Continuárase co traballo realizado durante o curso. O profesor foi entregando bloques de tarefas que axudaban a revisar a materia. Este traballo suporá o 66 % da cualificación.</li> <li>- As tarefas enviadas durante o período de confinamento, que serán reenviadas ao profesor nas datas previstas. Suporán o 33% da</li> </ul>

	<p>cualificación que resta. É obrigatorio, a súa entrega, xa que precisa ter entregado en todas as avaliacións os traballos propostos para poder superar a materia.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Os estándares e competencias imprescindibles serán os que veñen especificados neste documento por considerar que as circunstancias dificultan o traballo do alumnado.</li><li>- O feito de non enviar as tarefas propostas durante o confinamento suporá unha avaliación negativa.</li></ul>
	<p>Cualificación final.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Aqueles alumnos que non tiveran enviadas as tarefas propostas, ou no caso de que estas non foran realizadas cun mínimo de corrección, enfrontaranse a unha <b>proba presencial no mes de xuño</b>, sempre que a situación o permita, que decidirá a cualificación final obtida. O exame estará composto por a unha proba tipo test dos contidos impartidos durante a 1º e a 2º avaliación.</li></ul> <p>Proba extraordinaria de setembro.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- - No suposto de non ter superada a materia por medio do traballo enviado durante os meses de confinamento nin no exame presencial de xuño, os alumnos realizarán unha proba extraordinaria no mes de setembro, que segue os parámetros indicados neste documento en canto a criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.</li></ul>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

#### Actividades

O 3º trimestre tivo que ser enfocado dunha maneira diferente á que reflexa a programación xeral presentada en setembro.

- Unha vez rematada a 2ª avaliación, o comezo do 3º trimestre baseouse no repaso dos contidos tratados de maneira presencial, ante a dúbida de poder ou non voltar ás aulas. Desta maneira, os alumnos, -as foron recibindo semanalmente (a través da web do centro) adestramentos para desenvolver na casa.

- Unha vez recibida a información oficial da Xunta de Galicia (*Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*), que especifica como abordar o 3º trimestre, os alumnos continuaron a recibir tarefas semanais pero agora coa obriga de ser reenviadas ao profesor. Estas tarefas son a partir deste momento un instrumento de avaliación e cualificación.

- Propoñeremos dos tipos de tarefas. Debido que a materia de Ed. Física é nun 90% practica, hai unha parte practica, que e a tarefa semanal (non obrigatoria) e outra que é cada vinte días de carácter obrigatorio, que son os traballos teóricos:

- Tarefas opcionais centradas en actividades para levar a cabo na casa para manterse en forma física durante o tempo que dure o confinamento, iranse modificando semanalmente e proporcionarlles enlaces con actividades alternativas para que poidan adaptar o seus gustos particulares. Estas actividades no son avaliadas, nin obrigatorias pero se hai Feedback semanal, a través de mensaxes o correo do profesor, de estas tarefas teranse en conta na avaliación final.

- Os tres traballos propostos de ampliación e reforzo dos



	<p>contidos xa traballado con anterioridade na 1ª e 2ª avaliación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ao centrar o trimestre no repaso, os alumnos –as que non superaran a 2ª avaliación teñen a opción de aprobala seguindo a mesma rutina de traballo que os demais. Temos que lembrar que esta materia xa estaba estipulada previamente como materia de avaliación continua.</li> </ul>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Para seguir o traballo a distancia os alumnos-as poden visualizar as tarefas semanais na web do centro, onde serán publicadas cada luns.</li> <li>- Enviamos unha mensaxe por <b>Abalarmóbil</b> ou por <b>email</b> coas directrices propostas para esa semana. .</li> <li>- Aqueles <b>alumnos-as</b> que <b>non dispoñan</b> dos <b>medios dixitais</b> axeitados poden utilizar as canles propostas polos concellos, neste caso, a recepción das tarefas impresas nos seus domicilios.</li> <li>- Á hora de <b>reenviar as tarefas</b>, poderán utilizar como soporte a opción word, fotografía das mesmas realizadas sobre as fotocopias ou calquera outro soporte. Recomendáselles unha aplicación para o teléfono móbil de escáneo, gratuíta, co fin de facilitarlles o reenvío de tarefas.</li> </ul> <p>Durante a semana, solucionamos dúbidas... Así mesmo, <b>estamos dispoñibles</b> por distintos medios (teléfono, correo electrónico, videoconferencias...) para resolver dúbidas, falar e traballar algún contido.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p>Para seguir un ritmo de traballo axeitado os alumnos, -as contan cos seguintes materiais e recursos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os apuntes facilitados o longo do curso.</li> <li>- Enlaces de internet propostos polo profesor (nunca tidos en conta para a avaliación e cualificación, coa fin de non crear unha situación de desigualdade en prexuízo daqueles que non posúan os medios dixitais apropiados)</li> </ul>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Para informar ás familias dos cambios na programación, debidos ás causas por todos coñecidas:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>▪ Correo electrónico: comunicación continua coas familias.</li><li>▪ Abalar móbil: comunicación continua coas familias e avisos.</li><li>▪ Vía telefónica: cando vemos que non están a responder a calquera dos dous medios anteriores.</li></ul>
<b>Publicidade</b>	<p>Tal e como recollen as instrucións, o presente documento será colgado en lugar visible no espazo web do colexio.</p> <p>Todo o profesorado, departamento de orientación e dirección a través das canles habituais empregadas como medio de comunicación antes e durante o confinamento, poderá atender ás posibles dúbidas que lle xurdan ás familias do aquí recollido.</p> <p>Como inicial método para informar da existencia deste documento, todas as familias recibirán a través da aplicación AbalarMobil un aviso no que se lles indicará a localización do mesmo.</p>